

Sobre accesibilidade no aparcamento soterrado da Xunqueira

En primeiro lugar alegrámonos da preocupación do PSOE por este problema, problema que arrastramos na nosa vila dende hai moitos anos; e visto que a AER non lle fan moito caso, alegrámonos tamén de que os medios de información lles fagan máis caso, e agardemos tamén que así o faga o goberno local do PP.

En segundo lugar, queremos lembrar algunas das iniciativas de AER para mellorar a accesibilidade en Redondela, neste caso só mencionamos as centradas no aparcamento da Xunqueira.

ROGO formulado xa no pleno do 31/05/2012:

"Actualmente, o aparcadoiro soterrado da Xunqueira conta únicamente coa rampla de entrada e saída de vehículos para o acceso de persoas con discapacidade co risco que isto conleva. Rogamos ao equipo de goberno que tome as medidas oportunas para arranxar este problema".

Non contestaron nada, cando normalmente estaban contestando aos rogos, e no boletín correspondente, o número 7, puxemos: *"AER rogou ao goberno local que tome as medidas necesarias para que o aparcadoiro soterrado da Xunqueira teña outro acceso para persoas con discapacidade, a maiores da rampla de entrada e saída dos vehículos, como pode ser un ascensor. Este rogo non tivo ningún tipo de resposta por parte do goberno local, mostrando así a súa falta de sensibilidade cara os colectivos desfavorecidos."*

PREGUNTA formulada no pleno do 4/4/2013, xa se metera en xaneiro, pero por mor das protestas dos preferentistas non se tratou ata abril:

*"Tendo en conta que o **aparcamento da Xunqueira** é de carácter público e que non cumple coa lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras de Galiza nin co decreto 35/2000 polo que se aproba o regulamento de desenrollo e execución de dita lei, **preguntamos**:*

Sr. Alcalde, pensa vostede tomar alguma iniciativa para facer que os responsables de dita instalación a adecúen as normativas vixentes e ten pensado o Concello elaborar un Plan de Adaptación e Supresión de Barreiras, como pide a lei de accesibilidade, no que se inclúa o citado aparcamento co fin de solicitar as subvencións pertinentes ao "Fondo para a Supresión de Barreiras" dacordo co artigo 61 de dito regulamento?

RESPOSTA: O concelleiro Álvarez Ballesteros di que se van estudar iniciativas neste sentido. Levarase á comisión de servizos privatizados."

E seguimos agardando.

E en terceiro lugar, a pesares de que o PSOE non menciona o máis mínimo este traballo de AER, igual que ninguneou as iniciativas de ARDE sobre as aulas de estudo, nós si imos mencionar o "traballo" do PSOE neste aparcamento. Eles fixeron as cláusulas da concesión e tiveron a oportunidade de facer os accesos no seu momento. Aínda que o PSOE di:

"[...]o aparcadoiro é anterior á normativa vixente en materia mobilidade, de xeito que no seu deseño non se contemplaron estas carencias pero agora é preciso corrixir esta situación"."

Pois o aparcadoiro fíxose no 1994 e atopamos esta lei:

DECRETO 286/1992, DE 8 DE OCTUBRE (CONSEJERÍA DE LA PRESIDENCIA Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA), DE ACCESIBILIDAD Y ELIMINACIÓN DE BARRERAS.(D.O.G. de 21 de octubre de 1992) no que especifica o seguinte:

"Artículo 11. Aparcamiento.

1. En todas las zonas y edificios destinados al estacionamiento de vehículos a las que, según el artículo 2, sea de aplicación este Decreto, se reservarán permanentemente plazas para vehículos que transporten personas con movilidad reducida, con las dimensiones y requisitos establecidos en la base 7º del Anexo I.

2. Los accesos a dichas plazas deberán cumplir los requisitos establecidos en los artículos anteriores para itinerarios peatonales."

E, ademais, había esta outra lei anterior onde tamén especifica o dos accesos:

Ley 13/1982, de 7 de abril, de integración social de los minusválidos

Artículo 54

1. La construcción, ampliación y reforma de los edificios de propiedad pública o privada, destinados a un uso que implique la concurrencia de público, así como la planificación y urbanización de las vías públicas, parques y jardines de iguales características, se efectuará de forma tal que resulten accesibles y utilizables a los minusválidos.

Tamén ten chicha a duración da concesión deste aparcamento, ¡ 99 anos !!! Pero isto sería para outro debate.

Ligazóns relacionadas:

<http://galego.farodevigo.es/comarcas/2014/06/28/socialistas-reclaman-ascensores-aparcamiento/1049177.html>

http://redondela.es/web/jupgrade/images/stories/Actas_dos_plenos_2011/2012/31MAIO2012.pdf

<http://redondela.es/web/jupgrade/index.php/en/actas-plenos/1014-acta-do-04-de-abril-de-2013>

<https://www.facebook.com/photo.php?fbid=310503255704945&set=a.310501515705119.73761.100002358205308&type=3&theater>

<http://www.mldm.es/BA/PDF/DECRETO%20286%20-%201992.pdf>

[http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/l13-1982.t9.html#s1](#)

https://www.facebook.com/aer.redondela/media_set?set=a.256503241104947.62799.100002358205308&type=3